

Compre comezar a análise que a Federación de Ensino de CCOO fai do inicio de curso deténdose na **valoración da OPE** deste ano, na que se ofertaron un total de 1.788 prazas das que 770 corresponderon ao corpo de Mestres, 834 ao corpo de PES, 138 a Profesorado Técnico de FP e 46 a profesorado de Ensinanzas de Réxime Especial.

Destas prazas quedaron sen adxudicar 132, 37 no corpo de Mestres (todas pertencentes á especialidade de Filoloxía Francesa), 80 no corpo de Profesorado de Ensino Secundario e 15 no corpo de PTFP. Compre destacar que neste ultimo corpo quedou deserto un 10,87% das prazas ofertadas.

Non parece razoable que en determinadas especialidades con gran número de opositores matriculados, na primeira proba nin sequera foran seleccionados un numero igual ao de prazas ofertadas (FOL, Matemáticas e certas especialidades de FP ...)

Para CCOO é inadmisibile que quedaran desertas tal cantidade de prazas. Consideramos que as causas son, por unha banda, a estrutura do sistema de acceso, e pola outra a urxencia de rematar os procesos selectivos antes de finalizar xullo.

A solución pasa por modificar o sistema de acceso establecendo unha proba única, é dicir que as actuais partes da proba non fosen eliminatorias requiríndose unha puntuación mínima en cada una delas. Isto posibilitaría que un maior número de opositores e opositoras puideran continuar no proceso e foran avaliados pola totalidade das súas capacidades. Tamén debe executarse a mesma proba en todos os tribunais da mesma especialidade. Pero isto debera acompañarse cunha redución da rateo nos tribunais, o que suporía incrementar o número destes, de modo que os examinadores contaran con tempo suficiente para avaliar.

Ademais o actual sistema esta sendo vulnerado pois non se esta a facer efectiva a fase de concurso, que esta a servir simplemente para reordenar os opositores.

CCOO como organización asinante do acordo de emprego amosa a súa satisfacción polas ofertas dos dous últimos anos pero quere facer fincapé que a terceira oferta que falta debe ser maior. Xa advertimos a administración que as dúas ofertas anteriores deberan ter sido maiores. É importante recordar que o obxectivo a acadar é a redución da taxa de temporalidade a cifras na contorna do 5% segundo o acordado. Nestes momentos aínda estamos nun 9,74% , lonxe aínda de acadar ese obxectivo.

É importante sinalar que a redución de adxudicación de profesorado interino no CADP é lixeiramente inferior ao número de profesorado interino aprobado no proceso selectivo contabilizando unicamente aqueles que tiñan máis de 1 ano de servizos. Se contabilizáramos o número total de docentes con algún tempo de servizo que superaron o proceso selectivo a cifra sería moito maior.

No **catálogo do Corpo de Mestres** o resultado das supresións e novas creacións arroxa unha perda neta de 40 unidades o que supón 66 docentes menos. Esta situación ten repercusión na adxudicación de destinos no CADP. Hai que resaltar a perda de unidades no rural e pola contra alí onde se concentra alumnado non se dividen unidades que superan os 25 alumnos a pesar de incluír alumnado con neae. Ademais debemos salienta que na provincia de Pontevedra pérdense un total de 40 unidades entre EI e EP.

Na **adxudicación de destinos provisionais** temos que salienta que no caso do **corpo de Mestres** de case 14.000 mestres que prestaron servizos no curso pasado na nosa comunidade participan no CADP 2.287.

Se analizamos os tipos de prazas un 9,44% das prazas ofertadas son itinerantes (206). O 9,25% son prazas con afíns (202) e o 4,35 son itinerantes con afíns (95). Produciuse unha diminución de 101 prazas itinerantes con respecto ás adxudicadas o curso anterior.

Denunciamos que a Consellería non cubriu as prazas de catálogo nalgúns centros, recorrendo a compartir prazas de EI entre dous centros ou nomeando profesorado de Atención a diversidade insuficiente.

Ademais denunciouse a adxudicación das prazas de filoloxía francesa, pois estanse a cubrir con profesorado da lista de Primaria. CCOO-Ensino esixe a cobertura das prazas de FF con profesorado da lista de persoal interino de FF e que nos centros saian as prazas de Francés que corresponden por catálogo adxudicándose por esta especialidade e non se cambie nos chamamentos o seu perfil.

Outra incidencia salientable foi o ocorrido co cambio de criterio na conformación nas listas de interinidades e substitucións de Orientación. CCOO considera que se debe establecer unha lista cunha parte fixa con todos aqueles que prestaron servizos nos Departamentos de Orientación ordenados pola data en que accederon á praza e, a continuación, establecer a lista dinámica.

En todo caso como a Consellería mudou de opinión e considera a orientación como unha especialidade máis a posición de CCOO é a elaboración dunha lista estable con todos aqueles que prestaran servizos en orientación cos mesmos criterios que o resto das especialidades que se recollen no Acordo de Interinos.

CCOO advirte a administración que tras o cambio de criterio débese estudar a

adxudicación para que os casos aos que lles puidese corresponder traballar e non foron adxudicados se lles oferte unha vacante.

Na **adxudicación dos corpos de Secundaria** de preto de 16.000 docentes participan no CADP 4095. Destes 25 son suprimidos ou desprazados; 664 son docentes en expectativa; 926 son en persoal funcionario en prácticas e 2159 son interinidades.

A porcentaxe de prazas itinerantes non acada o 1% da adxudicación diminuindo lixeiramente con respecto ao curso anterior. Compre destacar que un 34% das prazas adxudicadas conteñen materias de especialidades diferentes ás do profesorado, mantendo cifras análogas ás do curso anterior. Compre destacar que se adxudican 434 prazas correspondentes aos ámbitos da Prazas dos PMAR, a EPA e á FP Básica, o que supón mais dun 10% do total de prazas adxudicadas.

Na adxudicación provisional dos corpos de Secundaria detectamos diversas irregularidades, provocadas polas peticións dos centros e a falta de control por parte das inspeccións dos perfís que colgan estes. Non é lóxico que todas as vacantes dalgunha especialidade nalgunha das sete grandes cidades sexan con afíns e con materias alonxadas da propia especialidade. Déronse casos como os seguintes:

- \* Afinidade de materias non lingüísticas con dous idiomas
- \* 6 vacantes da mesma especialidade cunha mesma afín no mesmo centro.
- \* Utilización de materias como FOL e os Ámbitos dos PMAR e FP Básica como comodín de máis de 4 vacantes de diferentes especialidades no mesmo centro.
- \* Asignación dos módulos comúns da FPB a profesorado técnico de FP (e nalgún caso de PES) sen atribución docente para esas materias. Neste caso incumprindo claramente a normativa vixente.
- \* Asignación de afíns que posteriormente non aparecen no horario real.

Todas estas situación foron reclamadas logrando en moitos casos a modificación das mesmas, aínda así na adxudicación definitiva persisten casos como os do IES Universidade Laboral de Culleredo, o IES Manuel Murguía, o CIFP A Xunqueira, e outros mais, situacións que continuaremos a denunciar.

Se botamos unha ollada ao que ocorreu neste principio de curso no referido aos **Servizos Educativos Complementarios** e ás traballadoras e traballadores destes servizos, podemos concluír que o curso iniciouse baixo mínimos, as necesidades dos centros educativos non se están a cubrir, falta persoal coidador e persoal de cociña nos centros. O persoal en situación de IT non ten garantida a cobertura da súa vacante por un substituto ou substituta e ademais non se están a cubrir vacantes que figuran na RPT de diverso colectivos.

As necesidades de persoal coidador nos centros multiplicáronse ao incrementarse o numero de alumnado NEAE matriculado, pero este incremento non veu acompañado

dun incremento de persoal coidador.

CCOO segue a **esixir a cobertura inmediata de todas as vacantes producidas e a dotación de persoal non docente aos centros atendendo aos datos da matrícula.**

No referido aos comedores escolares seguimos a esixir a conversión de todos os comedores escolares en comedores de Xestión Directa por parte da Consellería, co que se garantiría un servizo público de calidade.

No eido do **Ensino Concertado** destacar un novo incremento das unidades concertadas que no período comprendido entre 2015 e 2019 supuxo un incremento de 106 unidades. Especialmente significativo é o incremento destas no que corresponde á educación especial e á formación profesional de grao superior que é nos campos onde se concentra un maior incremento no período.

Na **Educación Infantil de 0-3 anos** e tras o conflito iniciado este curso pasado a prol dun convenio digno para as traballadoras, seguimos a reclamar o seu carácter educativo e non meramente asistencial e que pasen a formar parte do ámbito da Consellería de Educación.

**CCOO ven a demandar unha entrevista coa Conselleira** fai moito tempo para tratar diversos temas sen obter resposta da mesma. Esta situación levounos a convocar unha concentración de delegados o mércores 11 de setembro diante da Consellería para denunciar a nula intención que ten a responsable da Consellería de facer efectiva a negociación colectiva, na que temos pendente de desenvolvemento diversos temas en todos os campos do ensino.

No Ensino Público

Recuperación dos acordos suspendidos:

- Acordo agrupamentos.
- Horario lectivo corpo mestres.
- Horario profesorado secundaria
- Rateos.
- Recuperación pago verán substitutos con 5 meses e medio.

OPE para reducir taxas temporalidade.

Negociación das condicións laborais do persoal non docente

Transformación dos comedores escolares en comedores de Xestión directa

No Ensino concertado

Reposición de acordos:

- Mantemento de emprego
- Paga de antigüidade
- Acordo de recolocación.

Homologación salarial e sexenios.

Redución de xornada

Acordo de xubilación parcial.